

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15032807
CENTRO: IES do Milladoiro - Ames - A Coruña
PROGRAMA: Club de Ciencia 2024/25
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

2) Centros de continuidade no Club de Ciencia

a) Descrición do proxecto do Club de Ciencia 2024/25

a.1) Propostas de traballo. Breve descrición das actividades que se realizarán no Club de Ciencia 2024/25 (max. 4000 caracteres)

Durante o curso 24/25, o Club de Ciencias do IES do Milladoiro pretende dar continuidade á labor desenvolvida nos cursos previos, enfocando os obxectivos do mesmo en tres momentos clave do curso académico: o Mes da Ciencia en Galego (novembro), o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (febreiro) e, cara o final do curso, a exposición dos proxectos e produtos finais do alumnado participante á comunidade educativa do centro.

Como en cursos anteriores, o alumnado traballará en pequenos grupos con intereses comúns, desenvolvendo actividades e proxectos de investigación que se acordarán previamente en base as inquietudes do alumnado, e que serán titorizados polo profesorado participante. Para tal fin, contamos con profesorado dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía. En determinados momentos do curso, como no Mes da Ciencia en Galego e no Día da Muller e da Nena na Ciencia, artellaranse dinámicas de traballo en coordinación co Departamento de Dinamización Lingüística e co Departamento de Igualdade.

A temporalización das actividades previstas será a seguinte:

- No primeiro trimestre realizaranse obradoiros e actividades dirixidas ao alumnado de 1º ESO para conmemorar o Mes da Ciencia en Galego.
- No segundo trimestre visibilizaranse mulleres científicas, nunha serie de actividades por determinar, con motivo do Día da Muller e da Nena na Ciencia.
- No segundo e terceiro trimestre seguirán a desenvolverse os proxectos de investigación e darase a coñecer o resultado final dos mesmos á comunidade educativa do centro así como ao alumnado de primaria que se incorporará o vindeiro curso ao centro. Ademais, o alumnado participante realizará visitas a centros de interese científico como o parque edífico experimental de sotavento.

Os produtos finais así como o desenvolvemento de todas as actividades quedarán rexistradas por diferentes medios audiovisuais (vídeos, fotografías, etc) que se difundirán entre a comunidade educativa a través da web e a radio do centro.

a.2) Alumnado a quen vai dirixido. Descrición do grupo de alumnado que participará no Club de Ciencia 2024/25 (max. 4000 caracteres)

O Club de Ciencia do curso 24/25 está dirixido a alumnado de 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO e 1º Bacharelato con inquietudes científicas e ganas de afondar, experimentar ou desenvolver a metodoloxía científica no eido das materias STEM.

a.3) Alumnado a quen vai dirixido. Indique o número de alumnas que participarán no Club de Ciencia 2024/25

10

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15032807
CENTRO: IES do Milladoiro - Ames - A Coruña
PROGRAMA: Club de Ciencia 2024/25
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

a.4) Alumnado a quen vai dirixido. Indique o número de alumnos que participarán no Club de Ciencia 2024/25

9

b) Previsión de horarios e lugares destinados ao Club de Ciencia 2024/25

Previsión de horarios e lugares destinados ao Club de Ciencia 2024/25 (max. 4000 caracteres)

O Club de Ciencia desenvolverá as súas actividades, principalmente, nos laboratorios de bioloxía e xeoloxía e de física e química, así como na aula de informática e no taller de Tecnoloxía. De ser preciso, utilizaranse puntualmente outras dependencias do centro IES do Milladoiro.

A maioría dos proxectos desenvolverase entre as 14:30 e as 16:30 de martes alternos. En momentos puntuais, poida que sexa necesario realizar algunha sesión a maiores nas tardes dos luns ou dos mércores, en función da dispoñibilidade de alumnado e profesorado.

c) Persoa coordinadora do Club de Ciencia 2024/25

c.1) Nome e apelidos da persoa coordinadora do Club de Ciencia 2024/25

David Ponte Iglesias

c.2) DNI/NIE da persoa coordinadora do Club de Ciencia 2024/25

c.3) Especialidade da persoa coordinadora do Club de Ciencia 2024/25

Bioloxía e Xeoloxía

c.4) Enderezo de correo electrónico da persoa coordinadora do Club de Ciencia 2024/25 (....@edu.xunta.gal)

davidponte@edu.xunta.gal

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15032807
CENTRO: IES do Milladoiro - Ames - A Coruña
PROGRAMA: Club de Ciencia 2024/25
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: